


FALADOIRO

ANO XVI

NÚMERO XXVIII



Caricatura de 1950 feita por Seoane que aparece recollida en «Homaxes»

LORENZO
VARELA

LETRAS

GALEGAS

2005

C.E.I.P. DA TORRE – CELA
BUEU

SUMARIO

- Voz Natura
- O día do libro
- Entre Nós
- Os bolechas
- Día das Letras Galegas
- Exposición



"A cociña dos nosos antergos"

- Teatro
- Contacontos
- Saídas culturais
- Páxina literaria
- Deportes
- Humor
- Lerias e enredos
- O día mundial do Medio Ambiente



VOZ NATURA

O pasado día 4 de xuño, tivo lugar no parque Acea de Ama, en Culleredo, a "Festa de Voz Natura" para tódolos colexios participantes.



Dende o noso centro desprazáronse dous autobuses con rapaces e familiares para disfrutar dun día de lecer, cos obradoiros, hinchables...

Asemade, alí foron expostos os traballos realizados polos participantes, entre eles a nosa "Tenda dos Olores" e os libros das plantas e receitas de cociña.

Podémosvos dicir que a nosa tenda chamou a atención a tódalas persoas que visitaron a exposición, entre elas o noso Conselleiro de Educación, que lle adicou un tempo ó noso traballo, manipulando os xabóns, velas, colonias...

Adiantámosvos que cara ó vindeiro curso 2005 - 06 temos concedido o proxecto "Xogamos coa reciclaxe". Con el tentaremos concienciar ós nenos da importancia do reciclado, ó mesmo tempo que disfrutaremos na realización de obras plásticas con materiais de refugallo.

A excursión de Voz Natura



O sábado, 4 de xuño, todos os do colexio fomos a Voz Natura. Cando chegamos alí, buscamos sitio para despois comer. Logo de deixar as cousas visitamos ás atraccións.

Despois de comer, fomos comprar cousas e tamén había unhas carpas onde podías debuxar ou facer pulseiras. Logo, sobre as sete, empezou o espectáculo do "Xabarín Club".

A última hora da tarde veunos busca-lo autobús.


¡Foi un día espectacular!

(Seila M. 6º)



"O día do libro"


E. Infantil




Co gallo do Día do Libro, decidimos traballar a figura e os contos de Hans Christian Andersen, xa que se cumplen douscentos anos do seu nacemento.

Os nenos e nenas reescribirán, ó seu xeito, o conto

"O patino feo"







NUNHA PEQUENA GRANXA NACIU
UM FEO PATINHO.



POP TODOS ERA DESPREZADO
E NON SE SENTÍA QUERIDO



DA GRANXA MARCHOU E MOITOS
AVATARES SOPORTOU.



PERO CANDO MEDROU NUN FERMOZO
CISME SE TRANSFORMOU E A
TODOS MARABILLOU.


ENTRE NÓS




ESPECIE PROTEXIDA
DALLE VIDA
O GALEGO

Martín E.I.


EN GALEGO






CONCURSO DE CARTEIS

QUERO QUE SAÍAS AMIGO SANCHO QUE PARA SER GOVERNADOR GALEGO HAS DE FALAR




Álvaro 6º



SAIBA DON QUIXOTE QUE PARA NAMORAR A DULCINEA GALEGO HA DE FALAR

Yoel 6º

Os Bolechas





Este curso visitounos no
 colexio Pepe Carreira, que é
 o autor dos contos de "Os
 Bolechas". Explicounos
 como se dibuxan
 os personaxes, e entre todos
 fixemos un mural.



Xesús Lorenzo Varela

Xesús Manuel Lorenzo Varela naceu en La Habana no ano 1.916, e finou en Madrid no ano 1.978.

Dende moi novo, os seus sentimentos e ideas nacionalistas, levárono a incorporarse ás "Mocidades Galegas".

Os vinte anos, incorporábase á guerra no bando republicano co grao de comisario político.

Ó fin da guerra tivo que fuxir e exiliarse en México. Máis tarde marchou a Bos Aires e, finalmente, a Montevideo.



Voltou a España no ano 1.976 e morreu en Madrid en medio de moitas dificultades e illamento de moitas persoas que foron seus amigos.

A súa obra foi escrita a maior parte en castelán. En galego publicou "Catro poemas para catro gravados" e "Lonxe".

Coñeceu a Castelas e ó longo da súa vida tivo relacións con Rafael Dieste e Luís Seoane, ademais doutros xornalistas que, coma el, loitaban por saír adiante nunha vida chea de dificultades e privacións.

(Traballo de 5º curso)

Romaría

¡Baila meu amor,
e volta de novo a bailar!

Na punta do pé,
na palma da man.

Nunha escada de herba
baixaron os anxos
por te ver bailar.

Baila, meu sol baila,
na punta do pé,
na palma da man.
Cara de cereixa

non deixes no ar
coma un peixe o corpo
brincando no mar.

¡Baila, meu amor,
E volta de novo a bailar!




Xa meu corazón
non é meu nin é
corazón human:
ten mans e ten pés
e pense a bailar.

Na punta do pé
na palma da man.

¡Baila meu amor,
E volta de novo a bailar!

(Nadir 4^o)



Exposición Letras Galegas 2005

Co gallo da Semana das Letras Galegas organizouse no colexio unha exposición de obxectos antigos que se empregaban na vida doméstica cotiá, relacionados coa cociña e dependencias anexas. O nome da mesma foi o de "A cociña dos nosos antergos".


A continuación mostramos algúns dos traballos realizados polos rapaces.



A dependencia esencial das vivendas campesiñas é a cociña. Ó seu redor gira todo o vivir dos seus moradores.

A cociña é espaciosa e o chan adoita ser de lousas de pedra.

A cociña non é soamente a peza destinada a prepara-la comida; nela aíntase a familia para comer, recibí-las visitas, conversar, rezar, falar do futuro dos fillos e das fillas, dos traballos da facenda, da compra e venda de animais. Ó carón do lume os nenos e nenas tamén disfrutaban excitando contos. E incluso nas longas noites de inverno é lugar para namorar e facer algúns traballos.




ARTESA

É un caixón de madeira con forma de tronco de pirámide rectangular invertida. Na parte superior leva unha tapa que cando cómpre, mantense aberta por medio dun pau chamado fiador que a sostén. Este moble leva catro pés da madeira que lle dan aspecto dunha mesa. Úsase para amasar, cando se fai o pan, e para garda-los restos de comida sobrante.

POTES DE TRES PÉS

Teñen forma de panza esférica e boca cilíndrica, están provistos de angas e de tres pés. Hainos de varios tamaños.



CANDIL

Lámpada portátil de aceite ou de gas formada por un recipiente de cristal ou metal cun gancho para colgalo, e que aluma por medio dunha torcida que arde

A GAMALLEIRA

Perpendicular á lareira e arrimada a parede está a gamalleira que é un aparello de ferro cun gancho e eslabóns que xira sobre dun eixe vertical e que serve para colgar á altura conveniente potes e caldeiros de aro.



Álvaro Estévez 6º




CANTAREIRO

Consiste nunha especie de mesa pequena con dous buratos na parte superior onde se meten as olas ou os baldes. Está situado a carón do fregadeiro para ter a man a auga que se precise


Miriam Durán 6º

TREPIA, TRÉBEDE, TRESPÉS

É un triángulo de ferro con tres pés. Hai nos de varios tamaños. Utilízanse para por no lume potas, tixolas, etc.



Diego Franco Iglesias 6º



Diego Franco Iglesias 6º

PA


Táboa de madeira forte, de forma ovalada cun mango longo que se usa para mete-la masa do pan dentro do forno e para saca-lo pan.

RODO

Utensilio formado por unha vara longa acabada nunha táboa semicircular perpendicular, que se usa para xunta-las brasas do forno.

ESCANO

O escano é un banco con respaldo e apoios para os brazos nos extremos que está situado ó pé da lareira. A parte inferior tamén está cuberta con táboas. O seu tamaño depende das dimensións da cociña, mais o normal é que caiban nel catro ou cinco persoas.




Belén Estévez Rodríguez 6º



T e a t r o

O luns 16 de maio vimos unha obra
 de teatro no colexio, era duns nenos
 que iban de excursión a unha casa
 que estaba nun outeiro no bosque,
 Púxose a chover e a nena escondeuse
 debaixo dunhas rochas, e o neno foi
 ver canto faltaba, e unha bruxa
 encerrouno. A nena despois atopou
 a un trasno, chamaron a chispi
 que era un can e fixeron un
 consuxo que os volveu invisibles
 chegaron a casa e sacaron o
 neno.




María I - 5

Contacontos



O venres 29 de abril viñeron o cole uns contacontos. Contáronnos catro contos: o de Paco, o de corapuchiña, o da tuba e o da ratiña presumida, e cantaron a canción que é así: lalalalarita barro a miña casaña... Tocaron a tuba e o final a gaita. O conto que máis me gustou foi a ratiña presumida.



Saída do 1º ciclo a Vigo

O luns 25 de abril fomos a Vigo. Primeiro encontrámonos a uns nenos de outro colexio, vimos unha exposición de cadros e unha señora explicounos quen fixo os cadros. Despois fomos a unha obra de teatro titulábase "Tin na illa do tesouro". A saída merendámonos e voltamos para casa.



Eloy

Visita
a unha
exposición

Teatro



Isaac

V i s i t a ó n z o o



O venres 20 de maio os alumnos de educación infantil, primeiro e segundo fomos de excursión ó zoo da Madroa. Cando chegamos, entramos nunha sala onde había animais pequenos como serpes, tartarugas, insectos pau, cucarachas, saltamontes, arañas...



Esteban E. Infantil

Iago 1°



Como estaba

chovendo, fomos a unha sala que tiña
ovos de avestruz e de serpes, tamén

podemos ver mudas de serpes e de taráns -

tulas. Alí probamos unhas cornas que

lle caíran ás animais. Cando parou de

chover fomos a ver os animais que estoa-

ban fóra, por exemplo, pavos reais, ponis,

cebras, bisontes, lince, aguias, cisnes,

leóns, tigres, osos...

Alba 1°





María 1º

Á saída déronnos unha revista e un
 io -io. Finalmente merendamos no
 autobús rumbo ó colexio. Pasámola
 moi ben e aprendemos moitas cousas.

2º de primaria



Marcos 1º


UNHA VISITA A ESCOLA DE CONSUMO

O pasado venres 13 de maio fomos de excursión a Santiago de Compostela á "Escola Galega de Consumo".

Alí dividíronnos en dous grupos e fixemos dous talleres. Un sobre compra responsable e outro sobre os videocarros.

Dentro do noso grupo dividíronnos en familias, a miña concretamente chamábase "Fernández".

Tínhamos que facer una compra responsable co diñeiro que nos daban. A miña familia era a familia que máis diñeiro tiña e púscémonos a comprar moitas cousas, e cando fomos a pagar non nos chegaba o diñeiro e tivemos que vaciar o carro.




Máis tarde fomos o segundo taller que era unha sala de ordenadores e alí fixemos xogos no ordenador.

Despois tomamos a merenda do autobús e vinémonos para o colexia.

Finalmente recolléronnos os nosos pais para ir a comer.

Aida Carballo Farones

3º nivel



Viaxe de 5º curso a Santiago de Compostela

O pasado venres, día 13 de maio, fomos a Santiago de Compostela os alumnos de 5º curso de Primaria cos profesores de Inglés e o noso titor.

Fomos á Praza do Obradoiro e vimos o Palacio de Fonseca, o Hostal dos Reis Católicos, a Praza das Praterías e o Concello. Tamén vimos a Catedral de Santiago, onde sacamos algunha foto. Cando entramos, vimos o Pórtico da Gloria. Máis adiante dímoslle un abrazo ó apóstolo e pasamos diante do seu sepulcro.



Logo fomos cara á Praza da Quintana, as Praterías e paseamos polas rúas antigas, onde compramos uns recordos coma un botafumeiro, unha cuncha de peregrino ou un rosario.

Ás 12:00 do mediodía tocaron as campás da Catedral para chamar á xente á misa do peregrino.

Ó final voltamos para o colexio moi contentos por ve-la catedral de Santiago e polos recordos que compramos.




(Celestino 5º)

Excursión a Cabeza de Manzaneda

O venres, 27 de maio, fomos de excursión a Cabeza de Manzaneda. Saímos da escola ás doce e media e chegamos a Cabeza de Manzaneda ás seis da tarde. Ó chegar, instalámonos nos bungalós, ceamos e fomos á discoteca.

O sábado á mañá fixemos prácticas de tiro con arco e xogamos ó fútbol. Pola tarde, montamos a cabalo, fomos ós cars e despois fomos á piscina; logo ceamos e regresamos ós bungalós.


O domingo á mañá, xogamos ó golf, fixemos manualidades, fomos de compras e despois xantamos. Ó rematar de xantar collémo-las maletas e fomos cara o autobús, para voltar a Cela. Á sete da tarde xe estabamos nas nosas casas, moi cansos, pero pasámolo moi ben.




(Irene Cerviño Pastoriza 6º)

As adiviñas de infantil

Unha cousa pequeneira
que se pon no dedo
e custa moito diñeiro




Sabela




Na lua, a primeira,
no sol, a derradeira,

Mara



Estela

Orellas diante,
ollos atrás;
para que traballe
terme que cegar.



Diego

Temo follas sen ser
árbol e fáloche sen
ter voz; se me abren,
non me queixo...
adivíña ti quen son.

Un fato de ovellas
que a noite van o
prado e polo día se
deitan



Elena

FÚTBOL

CAMPIONATOS INTERNOS 04 -05

Clasificación Final

- 1º HAWAIANOS
- 2º PITIÑOS
- 3º SATANASES
- 4º TROULEIROS
- 5º DRAGÓNS



Máximo goleador: **ÁLVARO ESTÉVEZ CASTRO (PITIÑOS)**

CAMPIONATO TRIANGULAR DE BELUSO

O seleccionado de Cela formado por Diego Franco (porteiro), Irene Cabanelas, Yoli Gallego, Araceli Durán, Álvaro Estévez, Eloy Agulla e Angel Estévez, proclamouse subcampión.

TENIS DE MESA

Relación de alumnos do 3º ciclo participantes no torneo de tenis de mesa celebrado tódolos luns, na hora do recreo, no ximnasio:


Seila M.	Ainoa	Irene
Zaira	Miriam	Belén
Ángel	Daniel	Yoel
Jonatan	Jorge	David
Tomás	Cristian	Sergio
Álvaro		

Humor

- ¿Qué lle dí unha alpargata a outra?
- Que vida máis arrastrada levamos.



- ¿Cal é o colmo dun albanel?
- Ter unha filla paleta.



Unha señora entra nunca mercería e pregunta:

- ¿Qué tal anda de puntillas?
- Bastante incómoda, filla.



- ¿Cal é o colmo dun calvo?
- Pelexar por un peite.




(Alumnos de 3º de Primaria)

Lerías e enredos

BARULLO DE LETRAS: atopa os nomes no barullo de letras e colócaos onde corresponda.

P	A	L	I	P	O	N	A
C	A	B	E	Z	A	N	P
I	O	T	O	P	I	F	
I	U	C	A	R	F	I	S
A	P	A	I	A	Z	O	C
A	N	N	E	B	U	N	O
R	O	I	I	O	N	A	Z
A	N	N	E	L	A	I	O







ENCRUCILLADO: só en horizontal

- Semellante ó camelo mais cunha soia chepa.
- Árbore das rexións cálidas. Da dátiles.
- Habitante da zona polar.
- Zona sen auga nin vexetación.
- Habitantes nómadas do deserto.
- Vivenda dos esquimós.
- Monte de area nos desertos e praias formado pola acción do vento.
- Animal de pelo branco que vive no polo.

a									
b									
c									
d									
e									
f									
g									
h									

AS FLORES: Ordena as letras das flores e terás catro nomes masculinos. Debaixo escribe o femenino.



6 de junho: dia do MEDIO AMBIENTE

Carmen

¡Non me contaminades
máis que estou
enfermando!

Manuel

Kerwin



Elena

¡Non tiredes máis lixo!

¡Ofrézovos
benestar!

Adán